

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A ORGANIZACIÓN DO 4º ENCONTRO (AUOT) DE PROFESORADO DA ÁREA DE URBANÍSTICA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Por unha banda, Ángeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Juan José Gómez Romero, Director-xerente da Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC), en nome e representación da dita fundación, constituída ante o notario Pablo Valencia Ces o 24 de marzo de 1997 e inscrita no Rexistro Auxiliar de Fundacións co número 183, con facultades suficientes para a formalización do presente convenio en virtude do poder notarial asinado o 6 de xuño de 2014.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

Dentro da Consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral, de conformidade ao apartado c) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94 do 16 de maio).

**Segundo.-** A Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC), é unha entidade privada sen ánimo de lucro, constituída no ano 1997 ao amparo da lexislación española (Lei 30/1994 do 24 de novembro de Fundacións e de Incentivos Fiscais á participación privada en actividades de interese xeral).



Son obxecto da FUAC, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 9 dos seus Estatutos, as actuacións encamiñadas a:

- a) Promover a investigación científica, humanística e técnica, en colaboración coa Universidade da Coruña e demais institucións públicas e privadas, mediante axudas tanto ao estamento docente, para a súa formación, promoción e posta ao día, como ao alumnado, estimulando o estudo, a adecuada preparación para o exercicio de actividades profesionais, e unha formación humana integral de todos os que forman parte da Comunidade universitaria.
- b) Colaborar coa Universidade da Coruña en cantas actuacións se promovan para conseguir a consolidación da mesma e a ampliación dos estudos cuxa implantación esixa a dinámica social.
- c) Canalizar, por si ou a través dos servizos que considere oportuno crear, a cooperación entre a Universidade da Coruña, o sector empresarial e entidades e institucións de distinta natureza, para a realización por aquela de estudos, traballos ou proxectos de investigación, teórica ou aplicada, en áreas científicas, técnicas ou artísticas, que se lle demanden; a organización de prácticas de alumnos e posgraduados nas empresas, así como asistencia a cursos de especialización, reciclaxe e actualización profesional que se impartan tanto en España como no estranxeiro, subscribindo para eles os convenios precisos, e intervindo na xestión económica dos mesmos.
- d) Cantas outras actividades tendan a dar debido cumprimento e desenvolvemento aos fins fundacionais.

A FUAC ten previsto organizar o 4º *Encontro (AUoT) de profesorado da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio*.

O *Encontro (AUoT) de profesorado da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio* celébrase anualmente desde o 2019. Estas xornadas científicas, dirixidas principalmente a docentes e investigadores da área de urbanística e ordenación do territorio, pretenden ser un foro de debate onde compartir experiencias, metodoloxía, investigacións e tamén preocupacións e inquietudes.

**Terceiro.-** Dado que as actividades obxecto de convenio forman parte das súas liñas de actuación da consellería, existen fins comúns polos que ambas entidades teñen a vontade de colaborar na organización do 4º *Encontro (AUoT) de profesorado da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio*.



Polo exposto, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a FUAC na organización do 4º *Encontro (AUOT) de profesorado da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio*, que se celebrará na Coruña os días 26 e 27 de xaneiro de 2023, cuxos resultados serán de titularidade compartida por ambas as partes.

### Segunda.- Obrigas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asume as seguintes obrigas:

1. Contribuír ao financiamento dos gastos de organización do evento cun máximo de catro mil novecentos sesenta e seis euros (4.966,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 08.04.521A.226.99, código de proxecto 2015 00217, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023. Esta cantidade representa aproximadamente o 45 % do orzamento total estimado en dez mil novecentos sesenta e seis euros (10.966,00 €) e será minorada proporcionalmente de non alcanzarse o devandito custo global máximo.

Os gastos estimados son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE
Imaxe, son, gravación e emisión (museo día 26)	1.680,09 €
Deseño e xestión do mini-site	907,50 €
Cena día 26	478,41 €
Maquetación de cartalaría e impresión	600,00 €
Maquetación de publicación e impresión (1/2)	1.300,00 €
<b>Total</b>	<b>4.966,00 €</b>

Considérase admisible que se traspasen cantidades dun a doutro concepto dos orzamentados, sempre que a modificación non represente máis dun 20% do custo estimado que figura nesta cláusula e non se supere o importe total da achega.

Os devanditos importes serán ingresados pola consellería na conta bancaria de Abanca núm. 2091/0000/34/3040159702 da que é titular a FUAC, previa realización dos citados eventos e presentación da liquidación de gastos.



2. Colaborar coa participación dunha persoa en representación da consellería–en principio, da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa que ela designe- no acto de apertura e/ou clausura del congreso.
3. Colaborar na difusión do evento cos seus propios medios de publicidade.

### **Terceira.- Obrigas da Fundación Universidade da Coruña**

A FUAC asume as seguintes obrigas:

1. Asumir a organización e a realización do congreso.
2. Destinar directa e integramente a achega económica da consellería para a organización do congreso, debendo presentar logo de celebrar o evento os documentos xustificativos dos gastos totais derivados do mesmo que lle foran solicitados pola Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e a documentación acreditativa do pago.
3. Prever a participación dunha persoa en representación da consellería–en principio, da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa que ela designe- no acto de apertura e/ou clausura del congreso.
4. Facer constar a colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nun lugar visible e destacado mediante a inclusión do seu logotipo en calquera tipo de publicidade ou difusión que se efectúe para dar a coñecer o evento, asumindo os seus custos.

### **Cuarta.- Relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

### **Quinta.- Comisión de seguimento**

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión de seguimento, integrada por un representante de cada unha das partes asinantes do presente convenio:



Por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou a persoa na que delegue.

Por parte da FUAC, o director-xerente da Fundación Universidade da Coruña ou a persoa na que delegue.

A dita comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

### **Sexta.- Modificación, resolución e extinción do convenio**

Este convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

1. O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O convenio unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá implicar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.



Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **Sétima.- Natureza**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normas de Dereito administrativo e, en defecto, deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Oitava.- Publicidade e rexistro**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de convenio co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

#### **Novena.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### **Décima.- Vixencia**



O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata que se ultimen todos os relatorios e as actuacións executadas ao seu amparo, cun máximo de 2 meses a contar desde a súa entrada en vigor.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares, as partes asinan dixitalmente o presente convenio na data sinalada.

A conselleira de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda

O director-xerente da Fundación  
Universidade da Coruña

Ángeles Vázquez Mejuto

Juan José Gómez Romero

